



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE ORIENTACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2014**

En Santiago de Compostela, a 19 de marzo de 2014

**REUNIDOS**

O Sr. D. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos Secretarios Xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do O Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Sr. D. Alberto Arufe Varela, Presidente da Federación Galega de Orientación, en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ó efecto polos seus estatutos federativos.

**EXPOÑEN**

I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondendo á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no *Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia*.

II. A *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia* regula no seu artigo 51.1 as federación deportivas galegas, configurándose estas coma entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación que se estende á Comunidade Autónoma.





- III. Segundo o establecido na Lei 3/2012, de 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva (art. 51.5), exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración (art. 51.4).
- IV. Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, subscribir o presente convenio de colaboración coa Federación deportiva de Aeronáutica para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o 2014, concretado nas actuacións recollidas no presente documento, atribución que ostenta esta, en réxime de exclusividade, segundo o antedito artigo 56 da Lei Xeral do Deporte de Galicia.
- V. A tal efecto, as partes subscriben o presente convenio que se suxeitará as seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do Convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer para o ano 2014, as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Orientación, ao fin da realización por esta das actuacións, funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia*, asume en réxime de exclusividade, segundo se indica no artigo 56 e concordantes da norma.

Esta colaboración circunscríbese á actividade federativa que garante o desenvolvemento da modalidade e especialidades deportivas propias da Federación, en todos os seus niveis, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego, tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, no Anexo I do presente convenio, parte integrante, xunto o resto dos Anexos, do mesmo.

En todo caso, e non obstante esta concreción, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, previa solicitude motivada da Federación e autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos do referido Anexo, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento algún da contía total establecida no presente convenio.





## Segunda.- Financiamento e importe da axuda

Ao fin de cumprimentar o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concede á Federación Galega de Orientación unha subvención por un importe total de tres mil oitocentos corenta e oito euros (3.848,00€), imputables á aplicación orzamentaria e anualidade que de seguido se identifican:

04.40.441A.481.0.  
Anualidade 2014: 3.848,00 €.

O importe anterior destinarase ás distintas liñas de actuación que se recollen e identifican no anexo I do presente convenio. A contía correspondente ao programa "Gastos Xerais", non poderá ser superior ao vinte e cinco por cen (25%) do total da subvención concedida.

## Terceira.- Concorrencia con outras axudas.

A presente subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a Federación para a realización das actuacións obxecto do presente convenio e que se reflicten no seu Anexo I, sempre que a suma de tódalas subvencións e axudas non superen os gastos asumidos pola Federación con motivo de ditas actuacións obxecto da presente subvención.

A estes efectos, a Federación aportará, nos momentos da firma do presente convenio e da xustificación do segundo pago (contemplado na cláusula 6ª do presente convenio), sendas declaracións responsables das outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade (Anexo II)

## Cuarta.-Obrigas da Federación

4.1. Xunto ás demais establecidas no presente convenio, son obrigas da Federación o cumprimento dos termos do mesmo así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia* -e artigos correspondentes do decreto 11/2009, do 08 de xaneiro-; en concreto:

Executar a actividade que se acompaña como Anexo I.





- b. Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar pola Secretaría Xeral para o Deporte. Así mesmo, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.
- c. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, ó efecto das actuacións de comprobación e control.
- d. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas polo presente convenio. Dita comunicación efectuarase conforme aos termos establecidos na cláusula cuarta
- e. Acreditar estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, mediante declaración responsable a aportar no momento de suscripción do presente convenio, e elo conforme ao establecido no Anexo III.
- f. Dispoñer dos libros e rexistros debidamente dilixenciados que establece o Art. 55 da Lei 3/2012 de 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- g. Incluír a identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en tódalas comunicacións, presenzas publicitarias e medios de comunicación da Federación, así coma nos que esta estea presente, incluíndo internet, así como nas fichas deportivas, pancartas, lugares de competicións oficiais e demais eventos da súa modalidade deportiva, etc. Asemade o vestiario deportivo oficial das seleccións galegas deberá conter as cores representativas de Galicia, debendo aterse ao manual corporativo que facilitará a Secretaría Xeral para o Deporte.
- h. Nos campionatos de España nas categorías en idade escolar organizados polo Consejo Superior de Deportes así como nos eventos deportivos de carácter nacional e internacional, os deportistas integrantes das seleccións autonómicas deberán utilizar as equipacións (de xogo e/ou paseo) atendendo ao manual corporativo da Secretaría Xeral para o Deporte.
- i. Quedará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións

Xunto ás anteriores obrigas, a Federación Galega de Orientación:





- a. Responderá da veracidade da documentación aportada con motivo do presente convenio, debendo presentar, a estes efectos unha certificación do Secretario co visto bo do Presidente da Federación, segundo modelo que se xunta como Anexo IV.
- b. Presentará, antes do 30 de xuño do 2014, á Secretaría Xeral para o Deporte, segundo o disposto na resolución do 23 de maio de 2011, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se regulan determinados aspectos da contabilidade das asociacións deportivas, as contas anuais así como memoria descritiva das actividades realizadas no exercicio económico 2013, así como o informe de auditoría de resultar obrigada conforme o plan de Auditorías aprobado ao comezo do exercicio pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- c. Acreditará, no momento da firma do presente convenio e mediante certificación do Secretario co visto bo do Presidente da Federación, a vixencia das normas de bo goberno federativas, subscritas con motivo da resolución do 8 de setembro de 2009 da Secretaría Xeral para o Deporte ou normativa que a substitúa, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia.
- d. Comunicará á Secretaría Xeral para o Deporte a intención de solicitar calquera evento de carácter nacional ou internacional, así como, con a lo menos dúas semanas de antelación, as datas e sedes de celebración dos Campionatos Galegos e outros eventos de relevancia incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos á presentación dos mesmos, garantindo a presenza institucional da Secretaría Xeral para o Deporte nestes eventos, consonte a súa condición de órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma no ámbito deportivo.

#### Quinta.- Pagamento.

5.1. Conforme ao establecido no artigo 63 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o abono da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- a. Un primeiro pago, do trinta (30%) da contía total da subvención, tramitarase no momento da sinatura do convenio.
- b. Un segundo, equivalente ao tanto por cento restante, librarase unha vez xustificado o primeiro anticipo, que se deberá realizar con data límite 30 de xuño de 2014. De non ter xustificado o primeiro anticipo na data sinalada, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará o segundo pago, sen posibilidade de ser tramitado con posterioridade, o cal supón a perda da contía correspondente ao segundo pago por parte da





federación beneficiaria deste convenio e abrírase o procedemento para solicitar o reintegro do anticipo abonado.

O segundo pago xustificárase antes do 31 de decembro de 2014.

5.2. Para a realización dos correspondentes ingresos, e no momento da subscripción do convenio, a Federación aportará á Secretaría Xeral para o Deporte unha certificación da conta bancaria, na que conste o IBAN, onde se efectuarán os mesmos.

### Sexta.- Xustificación da subvención

6.1. Para a xustificación da subvención, a Federación deberá aportar, unha relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme á previsión recollida no Anexo I no que figuren os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes, a explicación do gasto detallado e datas de pagamento.

Esta relación acompañarase das facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas das mesmas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 42.3 do regulamento de subvencións de Galicia, para o caso de importes inferiores á 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos dos arbitaxes, axudas de custo e quilometraxes, e non poderán superar en contía, conxuntamente considerada, o 15% do total da subvención concedida.

Xunto á relación clasificada e os documentos acreditativos dos gastos e pagos, a Federación acompañará certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos, emitida polo Secretario da Federación co visto e prace do Presidente. Dita certificación realizarase mediante a aportación do Anexo IV

Ademais da documentación ata o de agora sinalada, para a xustificación do segundo e último anticipo deberá aportarse tamén:

a. Memoria da actividade realizada, segundo modelo dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral.

b. Acreditación, nun apartado específico da xustificación, do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o





Deporte mediante a achega de documentos gráficos nos que conste a mesma.

## 6.2. Normas de aplicación á xustificación dos custos laborais.

A xustificación da subvención mediante gastos federativos consistentes en custes laborais, queda suxeita ás seguintes regras:

- a) Entenderase exclusivamente por custes laborais os consistentes nas remuneracións realizadas ós traballadores da Federación e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), sendo estes gastos ós únicos que se poderán achegar ós efectos de xustificación da presente subvención.

Non obstante o establecido no punto anterior, e para o único caso do persoal federativo ó que se fai referencia nas letras b. e c. do paragrafo seguinte, poderán ser tamén presentadas como xustificación da subvención as percepcións salariais consistentes en gastos de locomoción e dietas de viaxe, pluses de distancia e conceptos similares.

- b) Os custes laborais unicamente poderán imputarse como xustificación nos seguintes programas e coas seguintes limitacións:
  - a. No ámbito do programa "Gastos xerais de funcionamento": os correspondentes a persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
  - b. No ámbito do programa "Tecnificación": os custes laborais correspondentes a técnicos, adestradores e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo dos deportistas deste programa (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
- c) A xustificación dos custes laborais necesariamente deberá ir acompañada dunha certificación do secretario da Federación, co visto e prace do Presidente, na que se estableza que os traballadores cuxos custes laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido polo presente convenio.

6.3. Os documentos xustificativos de gastos e pagos deberán de estar datados no período comprendendo entre do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2014, ambas datas inclusivas.





6.4. A documentación xustificativa da subvención establecida no apartado 1, deberá acompañar á restante documentación que, conforme ó presente convenio, a Federación deba aportar.

6.5. De acordo cos artigos 33 da Lei de Subvencións de Galicia e 74 e 75 do Regulamento de Subvencións de Galicia, procederá o reintegro da subvención no caso de incumprimento das obrigas establecidas neste convenio así como no caso de non presentar a xustificación no prazo establecido na cláusula 5.1 deste convenio.

#### Sétima .- Gastos subvencionables

No ámbito do presente convenio, terán a consideración de gastos subvencionables entre outros os que de seguido se relacionan, entendendo que é meramente enunciativa e non limitativa:

- a) No programa "Gastos xerais de funcionamento":
  - a. As remuneracións de traballadores federativos, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), incluíndose nestes o persoal administrativo, de limpeza, mantemento ou similar.
  - b. Gastos de servizos profesionais independentes. Entre outros: servizos de limpeza/mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestión laboral, auditoría, protección de datos sistema contable, ou similar.
  - c. Outros: desprazamentos da directiva a asembleas, reunións e comités técnicos ou similar.
  - d. Gastos da sede federativa: alugueres (se procede), pago de impostos, gastos de comunidade, consumos de explotación (auga, enerxía), material de oficina.
  - e. Reparacións e conservación: reparacións na sede, mantemento de equipos (servizos informáticos, fotocopiadora, Fax); seguros, mantemento e reparacións dos vehículos federativos.
  - f. Comunicacións: páxina web, teléfono, internet, Fax, mensaxería.
  - g. Seguros da sede e de responsabilidade civil.
  - h. Gastos bancarios: Gastos póliza créditos ponte.

- b) No programa "Actividade deportiva e competitiva ordinaria":
  - a. Material deportivo para competicións (non inventariable).
  - b. Equipación seleccións (Roupa, equipaxes).
  - c. Gastos de canons federativos e inscrición a competicións.







- d. Gastos en licenzas extraordinarias.
  - e. Gastos por desprazamentos, manutención e aloxamento de deportistas, técnicos, delegados, árbitros e representante federativo.
  - f. Gastos de organización ou colaboración en competicións: arbitaxes, ambulancias, publicidade, cartelería, trofeos, medallas, etc.
  - g. Gastos de combustible derivados dos desprazamentos relacionados coa práctica deportiva así como os gastos das embarcacións necesarias durante dita práctica.
- c) No programa de "Tecnificación": Os gastos xustificadas neste programa farán referencia ao grupo de deportistas vinculados a tecnificación e, comprendéndose os seguintes gastos:
- a. Persoal técnico deportivo (salarios, IRPF, Seguridade Social): Director técnico, adestradores, e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
  - b. Gastos de aloxamento e manutención dos deportistas incluídos no programa: aluguer, mantemento, consumos auga, electricidade e gas.
  - c. Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no programa.
  - d. Gastos de desprazamento e manutención das concentracións, adestramentos e competicións.
  - e. Gastos de combustible derivados dos desprazamentos relacionados coa práctica deportiva así como os gastos das embarcacións necesarias durante a actividade deportiva.
  - f. Seguros, mantemento e reparacións dos vehículos federativos destinados exclusivamente ao seu uso dentro deste programa.
- d) No programa "Actividade deportiva en Idade Escolar": Gastos na actividade deportiva federada do Programa XOGADE: organización, arbitaxe, etc, segundo se establece na RESOLUCIÓN do 23 de outubro de 2013, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se convoca o Programa Xogade (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar, curso 2013/2014.
- e) No programa "Outros proxectos de especial relevancia": gastos derivados da planificación, organización e execución do proxecto.





### Oitava.- Gastos non subvencionables.

8.1. Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, e no resto do clausulado do presente convenio, non son gastos subvencionables:

- a) Os intereses debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Os impostos persoais sobre a renda.
- f) Os gastos específicos das categorías de Veteranos, Master ou denominación equivalente.

8.2. Ademais dos indicados anteriormente, quedan excluídos da posibilidade de subvención con fondos procedentes da Secretaría Xeral para o Deporte, salvo motivación escrita da Federación autorizada pola Secretaría, os seguintes gastos:

- a) Material de publicidade e propaganda.
- b) Gastos de relacións públicas.
- c) Publicacións propias (anuario, revistas, etc.).
- d) Compra de bens destinados á venda.
- e) Outros gastos sociais.
- f) Atencións persoais.
- g) Gastos en galas ou celebracións.
- h) Indemnizacións causadas pola extinción ou supresión dunha relación laboral, nos importes previstos na normativa para os expedientes de regulación de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.
- i) En relación ás dietas, en ningún caso se poderán orzamentar gastos contra esta subconta, cando xa se tiveran cuberto os gastos de aloxamento e alimentación
- j) Axudas ou compensacións a todas aquelas persoas sancionadas en firme en materia de dopaxe.
- k) Os billetes emitidos e non utilizados.
- l) Gastos extras de hotel. Teñen esta consideración os gastos de bar, mini bar, televisión e calquera outro que non se inclúa expresamente. Non serán considerados gastos extras de hotel os suplementos das salas de reunións, alimentación ou de lavandería, sempre e cando se facturen a nome da Federación.
- m) Imposto sobre sociedades.
- n) Diñeiro en metálico a conta.





### **Novena.- Comisión de seguimento e interpretación**

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:

- Dous representantes designados pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Dous representantes da Federación Galega.

As discrepancias que, elevadas para súa resolución, non sexan resoltas a satisfacción da parte que a formule, serán sometidas ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as incidencias que se poidan formular en relación ca concesión, xustificación e reintegro da presente subvención deberán resolverse polo Secretario Xeral como órgano competente para a concesión da subvención, de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a disposición adicional 2ª do Decreto 88/2013 de 30 de maio de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

### **Décima.- Vixencia do convenio e causas de resolución .**

A vixencia do presente convenio estenderase dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2014, salvo denuncia expresa de calquera das partes. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende o día 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro do mesmo ano.


Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- 2.- A imposibilidade de realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- 3.- O mutuo acordo entre as partes.

### **Décimo primeira.- Supostos de reintegro.**

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará a subvención concedida, logo da audiencia do interesado.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia; As sancións en caso de incumprimento das obrigas





fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da Lei de Subvencións de Galicia.

**Décimo segunda.- Publicidade e rexistro de axudas.**

O beneficiario da axuda coñece e consinte a inclusión do seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa de publicidade á que está sometido o convenio, deberá dárselle publicidade á esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 126/ 2006, de 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e o Decreto 132/ 2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/ 2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Décimo terceira.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.**

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Regulamento da mesma aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega.

En proba de conformidade asíñase o presente por triplicado no lugar e data arriba indicados.

**O Secretario Xeral para o Deporte**

**José Ramón Lete Lasa**

**O Presidente da Federación  
galega de Orientación**

**Alberto Arufe Varela**





## Convenio coa Federación Galega de ORIENTACIÓN

### ANEXO I ANUALIDADE 2014

PROGRAMA	TOTAL
Gastos Xerais de Funcionamento	962,00€
Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria	2.886,00€
Programa de Tecnificación	0,00€
Actividade deportiva en Idade Escolar	0,00€
Outros proxectos de especial relevancia	0,00€
<b>TOTAL:</b>	<b>3.848,00€</b>

